

Recurso nº 101/2018**Resolución nº 89/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2018.

VISTO o recurso extraordinario de revisión interposto por J. R. L. R. actuando en nome e representación de RAMÓN LOIS, S.L. contra a Resolución deste Tribunal número 84/2018, ditada no recurso especial en materia de contratación número 91/2018, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O día 27 de setembro de 2018 este Tribunal ditou Resolución número 84/2018 sobre o recurso especial en materia de contratación número 91/2018 interposto por RAMÓN LOIS, S.L. contra o prego de prescricións técnicas da contratación, pola Consellería do Medio Rural, dunha subministración de quince tractores desbrozadores novos, expediente 41/2018.

Tal recorrente presentara nominalmente un recurso de reposición cando no anuncio de licitación no DOUE xa se designaba a este TACGal como o órgano competente para os recursos contra esta licitación e a cláusula 14 do PCAP informaba do sometemento desta licitación ao recurso especial ao abeiro do artigo 44 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en adelante), recurso especial incompatible cun recurso administrativo ordinario por mandato do apartado 4 dese artigo 44 LCSP. En todo caso, *pro actione* e ao abeiro do 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se

Ile deu a tramitación que correspondía a un recurso especial en materia de contratación.

Finalmente, a Resolución ditada polo TACGal foi de inadmisión por non acreditar a representación do comparecente, por non trasladar o obxecto social da empresa co fin de apreciar a súa conexión co obxecto da contratación cando non concorreu a licitación -tras requirimento de emenda sobre ambos aspectos-, e, en todo caso, pola presentación extemporánea do recurso especial ao abeiro do artigo 50.1.b) LCSP .

Segundo.- O recorrente, mediante o formulario FA900A da sede electrónica da Xunta de Galicia, previsto para a interposición do recurso especial en materia de contratación, interpón agora o día 05.10.2018 recurso extraordinario de revisión contra aquela Resolución TACGal número 84/2018, por discrepar coa mesma.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O escrito presentado por RAMÓN LOIS, S.L. se presenta como recurso extraordinario de revisión ao que se refire a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas nos artigos 113 e 125.

Para analizar a procedencia do recurso extraordinario de revisión contra unha Resolución de recurso especial en materia de contratación, hai que partir do previsto no artigo 59 LCSP, rotulado “*Efectos da resolución do recurso especial*”:

“1. Contra a resolución ditada neste procedemento só caberá interpor recurso contencioso-administrativo conforme o disposto no artigo 10, letras k) e l) do número 1 e no artigo 11, letra f), do número 1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a resolución será directamente executiva.

3. Non procederá a revisión de oficio da resolución nin de ningún dos actos ditados polos órganos competentes para resolver o recurso.”

Con esta determinación legal de que contra as resolucións deste Tribunal “só cabe a interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo” - que é a vía impugnatoria citada precisamente na Resolución TACGal número 84/2018-, non procede a admisión dun recurso extraordinario de revisión, pois este entra tamén dentro da exclusión xeral de recursos contra a resolución dun recurso especial en materia de contratación, salvo o recurso contencioso administrativo.

Efectivamente, o recurso especial en materia de contratación ten a súa específica regulación nos artigos 44 a 60 LCSP e o artigo 59 dispón claramente que contra as resolucións ditadas nos procedementos de recurso especial en materia de contratación só cabe o recurso contencioso-administrativo, o que exclúe a posibilidade de interposición de calquera outro e, entre eles, do extraordinario de revisión, así como incluso a revisión de oficio. Non existe aquí unha lagoa a suplir coa Lei de procedemento administrativo común, senón unha determinación expresa (“só cabe...”).

Esta interpretación é o criterio mantido polos Tribunais de recursos contractuais, como o manifestan: Resolucións 47/2016, 200/2016, 82/2017, 319/2017 ou 96/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, Acordo 50/2015 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, Acordo 4/2016 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra, Resolución 355/2017 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid ou a Resolución 107/2016 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía, por citar algunha.

Polo tanto, en aplicación do citado artigo 59 LCSP, cómpre inadmitir o recurso extraordinario de revisión.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso extraordinario de revisión interposto por RAMÓN LOIS, S.L. contra a resolución de este Tribunal número 84/2018, do 27 de setembro sobre o recurso especial en materia de contratación nº 91/2018 .

Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.